



FRANCISCO JOSÉ FRAGA CIVEIRA, deputado e portavoz provincial do **GRUPO SOCIALISTA** da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN DE URXENCIA SOBRE O DESMANTELAMENTO DO SERVIZO DE CIRURXIA PEDIÁTRICA NO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de cirurxía pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO) foi durante décadas un referente para o resto de Galicia, con plena operatividade as 24 horas do día os sete días da semana. En outubro de 2013, o Servizo Galego de Saúde (Sergas) decidiu crear unha área de servizo compartido para a zona sur da comunidade galega, que abrangue as provincias de Ourense e Pontevedra e, incluso, zonas de sur de Lugo, o que provocou a progresiva desaparición de servizos médicos pediátricos no CHUO.

Desde entón, centos de nenos e nenas de 0 a 16 anos vense obrigados a se desprazar ata 450 quilómetros, para recibir atención médica pediátrica nunha área sanitaria –a de Vigo– que está saturada cunha masiva lista de agarda que supera os 1.000 cativos e cativas. Na actualidade, o servizo do complexo ourensá está practicamente desmantelado chegando ata o punto de que so hai un cirurxián pediátrico. O recorte aplicado pola Xunta é tan absurdo que obriga ós rapaces a poñerse enfermos so en horario de oficina xa que, en Ourense, o servizo de atención médica en xornada ordinaria só funciona de luns a venres de 8 da mañá a 3 da tarde. O resto de horas e as fins de semana e festivos non hai nin un so especialista para atender a toda a provincia e ou sur de Lugo.

As xustificación do recorte ofrecida pola Xunta, escudándose na redución da poboación infantil, non se sostén analizando os datos de actividade asistencial. No ano 2013, antes do recorte, o hospital de Ourense practicou mais de 300 intervencións de cirurxía pediátrica fronte ás máis de 400 intervencións do hospital de Santiago. Sen embargo, aquel ano o Sergas deixou ó hospital de Ourense con dous cirurxiáns pediátricos –agora so hai un– mentres mantiña oito especialistas en Santiago. Unha vez mais, o desleixo co interior de Galicia e a marxinação de Ourense son evidentes.

Incluso o Valedor do Pobo se manifestou contrario a unha decisión que está a afectar á saúde dos nosos nenos e nenas. Nun informe datado en xuño de 2014 criticaba, entre outras cuestións, que a “disminución das urxencias [en Ourense] en virtude da



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

seguridade e a calidade asistencial non ten razón de ser” e recomendaba “que se adopten medidas necesarias para dar continuidade asistencial ó servizo de cirurxía pediátrica do CHUO”. Tres anos despois, o Goberno galego fixo caso omiso dese clarificador informe do Valedor do Pobo, impedindo recibir un servizo de calidade e en condicións de igualdade de acceso ós ourensás. De feito, ante a inacción da Xunta de Galicia para solventar este grave problema, a Plataforma pola Defensa de Sanidade Pública de Ourense acaba de anunciar que vai acudir á xustiza para denunciar ante o Ministerio Fiscal esta situación de precariedade.

É necesario que o Sergas leve a cabo inmediatamente as contratacións necesarias para dotar do persoal facultativo suficiente que permita restablecer un servizo que afecta á sanidade de miles de nenos e nenas.

É perentorio que o Sergas adopte as medidas económicas e organizativas necesarias para restablecer no CHUO o servizo de urxencias pediátricas 7 días/24 horas, así como as intervencións programadas.

É imprescindible que as institucións de Ourense se posicionen para defender as necesidades básicas de miles de familias da provincia afectadas por unha decisión que recortou un servizo médico exemplar que era plenamente operativo e sostible.

Polo exposto, o Grupo Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO:**

1. Que a Deputación de Ourense inste á Xunta de Galicia a adoptar de maneira urxente as medidas necesarias para recuperar na súa plenitude o servizo de cirurxía pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, garantindo a actividade asistencial e cirúrxica as 24 horas do día e os sete días da semana, evitando así as derivacións masivas de menores centos de kilómetros, traslados que poñen en risco a súa saúde.
2. Dar traslado formal do acordo adoptado polo pleno da Deputación de Ourense á Xunta de Galicia e ó Servizo Galego de Saúde.

En Ourense, 29 de xuño de 2017

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE